O absentismo laboral, formulario de recollida de datos sobre absentismo - Concepto absentismo laboral e tipos, formulario de recollida de datos para o absentismo	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os distintos tipos de absentismo laboral. propor actividades teórica 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver actividades propostas 	<ul style="list-style-type: none"> Actividades resoltas 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes facilitados polo profesor, Equipo informático con conexión a internet e proxector 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Relacións laborais no relativo as comunicacións internas 	3,0
As vacacions, excedencias e viaxes do persoal - Vacacións , proposta e calendario anual, As excedencias de persoal e os viaxes		<ul style="list-style-type: none"> Explicación teórica dos contidos Propor actividades Resolver as actividades propostas 	<ul style="list-style-type: none"> Actividades resoltas 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes facilitados polo profesor, Equipo informático con conexión a internet e proxector 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - formularios de recollida de datos sobre absentismo dos traballadores LC.4 - seguimento de control de presenza 	4,0
TOTAL						7,0

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Prevención de riscos laborais	7

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental nas operacións administrativas de recursos humanos, e reconece a súa incidencia nun sistema integrado de xestión administrativa.	SI

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Comprender o significado e alcance dos modelos de xestión de calidade	1	Fundamentos e principios básicos de un modelo de xestión de calidade	2,0
1.2 Identificar os principios da xestión de calidade			
2.1 Distinguir as fases de implantación de un modelo de calidade	2	Os pilares da xestión de calidade nos recursos humanos	5,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
2.2 Coñecer o modelo de autoevaluación EFQM			
2.3 Aplicar procedementos de calidade na xestión de recursos humanos			
TOTAL			7

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Diferenciáronse os principios básicos dun modelo de xestión de calidade.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Principios básicos dun modelo de xestión de calidade 	S	20
CA6.2 Valorouse a integración dos procesos de recursos humanos con outros procesos administrativos da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Integración dos procesos de recursos humanos con outros procesos administrativos da empresa 	N	10
CA6.3 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais no sector.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Normas de prevención de riscos laborais 	S	40
CA6.4 Aplicáronse os procesos para reducir o impacto ambiental da súa actividade.	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - procesos para reducir o impacto ambiental 	S	20
CA6.5 Aplicáronse na elaboración e na conservación da documentación as técnicas de 3R (reducir, reutilizar e reciclar).	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - As técnicas 3R 	S	10
TOTAL			100

4.8.e) Contidos

Contidos
Prevenção de riscos laborais: saúde, dano e risco.
Fundamentos e principios básicos dun modelo de calidade total en recursos humanos.
Normativa de protección de datos de carácter persoal e confidencialidade.

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**
4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Fundamentos e principios básicos de un modelo de xestión de calidade - Fundamentos e principios básicos de un modelo de xestión de calidade	<ul style="list-style-type: none"> Explicación teórica dos contidos. Propor actividades 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver actividades propostas 	<ul style="list-style-type: none"> Actividades resoltas 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes facilitados polo profesor, Equipo informático con conexión a internet e proxector 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Principios básicos dun modelo de xestión de calidade TO.1 - Integración dos procesos de recursos humanos con outros procesos administrativos da empresa 	2,0
Os pilares da xestión de calidade nos recursos humanos - A prevención de riscos, protección de datos de carácter persoal e a protección do medio ambiente	<ul style="list-style-type: none"> Explicación teórica dos contidos Propor actividades 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver actividades propostas 	<ul style="list-style-type: none"> actividades resoltas 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes facilitados polo profesor, Equipo informático con conexión a internet e proxector 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Normas de prevención de riscos laborais LC.2 - procesos para reducir o impacto ambiental LC.3 - As técnicas 3R 	5,0
TOTAL						7,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
MINIMOS EXIXIBLES.

CA1.1 - Descríbóronse os aspectos principais da organización das relacións laborais.

CA1.2 - Relacionáronse as funcións e as tarefas do departamento de recursos humanos, así como as principais políticas de xestión do capital humano das organizacións

CA1.3 - Identificáronse as técnicas habituais de captación e selección

CA2.1 - Descríbóronse as características dos plans de formación continua, así como as dos plans de carreira do persoal.

CA2.2 - Preparouse a documentación necesaria para unha actividade de formación (manuais, listaxes, horarios e follas de control).

CA2.4 - Clasificáronse as principais fontes de subvención da formación en función da súa contía e dos seus requisitos.

CA2.10 - Aplícase ao seu nivel a normativa de protección de datos relativa á seguridade, a confidencialidade, a integridade, o mantemento e a accesibilidade á información.

CA3.1 - Definíronse os aspectos máis salientables das condicións laborais establecidas na Constitución, no Estatuto dos Traballadores, nos convenios colectivos e nos contratos.

CA3.5 - Definíronse os procesos de afiliación e alta na Seguridade Social.

CA3.7 - Aplicáronse as normas de cotización á Seguridade Social referentes a condicións laborais, prazos de pagamento e fórmulas de aprazamento.

CA3.7.1 - Identificáronse as distintas prestacións da seguridade social

CA4.2 - Distinguíronse os réximes da Seguridade Social.

CA3.2 - Recoñecéronse as fases do proceso de contratación e os tipos de contratos laborais máis habituais segundo a normativa laboral.

CA3.3 - Formalizáronse os contratos laborais.

CA3.4 - Obtivéronse documentos oficiais utilizando a páxina web dos organismos públicos correspondentes.

CA3.8 - Identificáronse as causas e os procedementos de modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo conforme a normativa, e identificáronse os elementos básicos da liquidación.

CA3.6 - Obtivéronse as táboas, os baremos e as referencias sobre as condicións laborais: convenio colectivo, bases e tipos de cotización á Seguridade Social, e retencións do IRPF.

CA4.1 - Identificáronse os conceptos de retribución e cotización do traballador e diferenciáronse os tipos de retribución máis comúns.

CA4.3 - Identificouse a estrutura básica do salario e os tipos de percepcións salariais, non salariais, de periodicidade superior ao mes e extraordinarias.

CA4.4 - Calculouse o importe das bases de cotización en función das percepcións salariais e das situacións que máis comunmente as modifican

CA4.5 - Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.

CA4.6 - Tivéronse en conta os prazos establecidos para o pagamento de cotas á Seguridade Social e para retencións, así como as fórmulas de aprazamento, segundo os casos.

CA4.7 - Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control.

CA4.9 - Valoráronse as consecuencias de non cumprir os prazos previstos na presentación de documentación e pagamento.

CA4.10 - Realizáronse periodicamente copias de seguridade informáticas para garantir a conservación dos datos na súa integridade.

CA5.6 - Realizáronse periodicamente copias de seguridade das bases de datos de persoal.

CA5.1 - Determináronse os aspectos básicos das relacións laborais no relativo ás súas comunicacións internas.

CA5.2 - Elaboráronse os formularios de recollida de datos sobre control presencial, incapacidade temporal, permisos, vacacións e similares.

CA5.3 - Realizáronse cálculos e estatísticas sobre os datos anteriores, utilizando follas de cálculo e formatos de gráficos.

CA5.4 - Elaboráronse informes básicos do control de presenza, utilizando aplicacións de procesamento de texto e presentacións.

CA5.5 - Realizouse o seguimento de control de presenza para conseguir a eficiencia da empresa.

CA6.1 - Diferenciáronse os principios básicos dun modelo de xestión de calidade.

CA6.3 - Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais no sector.

CA6.4 - Aplicáronse os procesos para reducir o impacto ambiental da súa actividade.

CA6.5 - Aplicáronse na elaboración e na conservación da documentación as técnicas de 3R (reducir, reutilizar e reciclar).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A avaliación do aprendizaxe do alumnado realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en resultados de aprendizaxe, e os criterios de avaliación establecidos para o módulo, así como os obxectivos xerais do ciclo formativo.

A avaliación realizarase ó longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo (sendo necesaria a asistencia a clases), e tende a comprobar o nivel de consecución dos contidos mediante a definición dos criterios de cualificación descritos neste apartado.

Os mecanismos de avaliación empregados para a determinación do nivel de contidos acadados consistirán en probas escritas e orais que se realizarán ó longo do curso académico. As probas escritas abrangerán exames, cuestionarios, traballos de investigación, tarefas..., e as orais presentacións, debates, atención telefónica, atención persoal...

1. As mencionadas probas clasifícanse, a efectos da presente programación, en:

1.1. Actividades varias: as contidas nos manuais/materiais de apoio, as propostas para profundizar no coñecemento da materia e a participación en actividades escolares ou extraescolares vencelladas á educación en valores non recollidas no punto 1.2.

1.2..Exposicións fóra da aula: presentacións de temas concretos co emprego de medios audiovisuais (Prezi, Power Point,...), acompañadas dun traballo escrito en soporte físico ou informático e ante un auditorio máis amplo que o constituído polo grupo de referencia do módulo.

1.3. Exames: probas escritas tipo test, de resposta única ou múltiple, e supostos prácticos, cando sexa oportuno.

2. Os criterios de avaliación serán cualificados segundo as seguintes regras:

2.1. Exposicións fóra da aula e, se procede a súa aplicación, actividades varias. Cualificaranse de 0 a 10 puntos que se distribuirán entre:

2.1.1. Traballo escrito (40% da nota da actividade):

a. A estrutura constará de portada, táboa de contido, introdución, desenvolvemento do tema, conclusións, bibliografía e anexos. A ausencia dalgún destes apartados sen xustificar restará de acordo cos criterios dados pola profesora para a realización da exposición/actividade.

b. As características informáticas (fonte, entreliñado, marxes, extensión) serán dadas para cada caso concreto pola docente. O incumprimento das mesmas suporá unha penalización de acordo cos criterios dados pola profesora para a realización da exposición/actividade.

c. A redacción debe ser clara, cun vocabulario axeitado e adaptado ó alumno. En ningún caso o traballo consistirá en copiar e pegar fragmentos tirados doutros textos orixinais. A realización desta práctica fará que a totalidade do traballo escrito sexa cualificado con cero puntos. Só se permitirán as citas textuais, nas que haberá que indicar o autor e a obra ou documento de onde foron sacadas.

2.1.2. Presentación oral (40% da nota da actividade): valorarase a linguaxe verbal e corporal, así coma as axudas audiovisuais empregadas durante a mesma.

2.1.3. Preguntas (20% da nota da actividade): o/a alumno/a deberá responder as preguntas formuladas polos asistentes á exposición. De non plantexarse ningunha cuestión, a puntuación deste apartado sumarase a partes iguais ás porcentaxes establecidas nos puntos 2.1.1. e 2.1.2.

2.2. Exames: valorarase cunha puntuación comprendida entre 0 e 10 puntos. Nas preguntas tipo test, as respostas erradas puntuarán negativamente na proporción 3/1 (3 incorrectas restan 1 ben) e as non contestadas non puntuarán. Cando se comprobe, nunha proba escrita, que o/a alumno/a non actuou limpamente porque copiou ou realizou condutas similares, a cualificación da mesma vai ser a nota mínima, isto é, 0 puntos.

3. Para a determinación da nota final das diferentes avaliación procederase segundo se detalla a continuación:

3.1. En cada avaliación realizarase un único exame.

3.2. O 100% da nota repartirase entre o traballo en clases, suma das actividades varias, as exposicións fóra da aula e o exame. Presuponse a asistencia habitual a clase e o comportamento correcto, de xeito que non se puntuarán positivamente a asistencia e o bo comportamento.

3.2.1. Nas avaliacións nas que o alumnado realice exposicións fóra da aula, o 100% da nota distribuirase do seguinte modo:

- 15% traballo en clases, 15% exposicións fóra da aula e 70% exame.

3.2.2. Nos supostos de non existir as mencionadas exposicións, o reparto será:

- 20% traballo en clases e 80% exame.

3.2.3. Para que a valoración do traballo en clases e as exposicións fóra da aula, se proceden, se incorpore á nota da avaliación, é requisito imprescindible que o/a alumno/a obteña unha nota mínima de 5 no exame.

3.3. Aprobará a primeira e segunda avaliación o alumnado que, segundo os criterios descritos no punto 3.2., obteña unha cualificación igual ou superior a 5. Nos supostos de existir fracción decimal, procederase da seguinte maneira: redondearanse por exceso cando a fracción sexa igual ou superior a medio punto; a fracción inferior a medio punto non se redondeará á alza (este criterio aplicarase sempre e cando o/a alumno/a non obteña unha cualificación comprendida no intervalo 4'5-5, en cuxo caso redondearase por defecto).

3.4. Para o cálculo da nota da terceira avaliación, e de acordo coa normativa aplicable, procederase da seguinte forma:

1º. Aplicaranse os criterios descritos para as dúas avaliacións anteriores..

2º. De ser a nota inferior a 5, a avaliación está suspensa, e esa será a nota da terceira avaliación parcial.

3º. Se o resultado é superior ou igual a 5, e están aprobadas as dúas avaliacións anteriores, a cualificación que se fará constar na presente avaliación coincidirá coa que proceda outorgar no momento de se celebrar a avaliación final.

4º. Se a cualificación é superior ou igual a 5, e non está/n superada/s algunha/s das avaliacións anteriores, a nota do terceiro parcial será como máximo 4.

3.5. A cualificación que se outorgue na avaliación final será a nota media das obtidas nos distintos trimestres superados, en base dez e sen decimais. Para a determinación desta nota, e nos supostos de que nas avaliacións parciais as cualificacións, e antes de proceder ó redondeo, sexan números decimais, estes serán tidos en conta sempre que beneficien ó alumnado. O/a alumno/a aprobará o módulo cando a nota da avaliación final sexa igual ou superior a 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non haxa acadado unha nota igual ou superior a cinco, segundo o fixado no apartado "Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e criterios de cualificación", terá a posibilidade dun

exame de recuperación por avaliación que poderá efectuarse antes ou despois de cada unha delas. Neste caso, serán de aplicación os criterios de avaliación e cualificación definidos no apartado 5) da presente programación.

Entre a terceira avaliación parcial e a final, o alumnado que aínda non acadase a avaliación positiva no módulo poderá presentarse a un exame final. Nesta proba só é necesario recuperar as partes non superadas durante o curso. Para este suposto, o 100% da nota da avaliación recuperada será a acadada no exame. Para poder superala será necesario obter unha puntuación mínima de cinco sobre dez. A nota final do módulo profesional calcularase segundo as pautas descritas no punto 3.5. do apartado 5) desta programación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas sexa do 10% da carga total do módulo. Para efectos de determinar o número de faltas, terase en conta o establecido en canto á súa xustificación no regulamento de réxime interno do instituto.

Este alumnado ten dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación, previa á avaliación final do módulo. Esta proba abarcará a materia do conxunto do módulo.

O procedemento de avaliación basearase no resultado de probas obxectivas consistentes en exame tipo test e/ou supostos prácticos relacionados cos contidos do módulo.

A data na que se celebrará a proba extraordinaria será a acordada polo equipo educativo e o equipo directivo, sobre a base do previsto nos regulamentos de organización e funcionamento do centro. Darase a coñecer dita data mediante a publicación no taboleiro de anuncios e/ou na páxina web do centro.

Aprobarase o módulo conseguindo como mínimo cinco puntos sobre dez, sendo obxecto de aplicación os criterios de redondeo de números decimais descritos no apartado 5) desta programación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os elementos de seguimento da programación son:

- O grado de adecuación dos resultados de aprendizaxe do currículo
- A validez da distribución e secuenciación dos contidos ao longo do curso.
- Idoneidade da metodoloxía e dos materiais didácticos empregados.

-Adecuación dos criterios de avaliación.

Anotaranse as diferenzas detectadas co programado, para realizar os axustes necesarios.

O procedemento para a avaliación da propia práctica docente será a seguinte:

-Avaliación a través de cuestionarios anónimos, por parte do alumnado da práctica docente na aula do profesor, do material didáctico empregado, da dinámica do guro, dos recursos dispoñible na aula e a súa utilización.

-Expresión por parte do alumno, das propostas de mellora que consideren adecuadas.

No curso seguinte a programación reflectirá as correccións feitas froito do análise das enquisas anteriores.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ó alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

En dita sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan. Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación dos módulos previamente cursados.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que

ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Durante os primeiros días de clase, procederase por parte da docente á observación e rexistro das circunstancias que poidan resultar rechamantes co obxecto de poder detectar calquera dificultade que poida ter o alumnado e que sexa susceptible de ser abordada na sesión de avaliación inicial.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Enténdese como reforzo educativo o conxunto de medidas educativas deseñadas polos docentes e dirixidas a axudar ó alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias, tratándose sobre todo de medidas que requiren flexibilidade metodolóxica.

Entre as medidas que dende un principio se establecen nesta programación destacamos:

- Establecer claramente os obxectivos mínimos a conseguir.
- Estar abertos á preparación de diversas actividades sobre un mesmo contido variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se poñen en xogo.

En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e, polo tanto, adaptadas ás necesidades concretas de cada caso polo que, despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade, se porán en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo ou, de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do Departamento de Orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Durante todo o curso, o alumnado do módulo incorporará no seu traballo actitudes e comportamentos de acordo cos seguintes aspectos:

- Comportamento durante o desenvolvemento das clases: respecto os compañeiros, profesor e o material
- Orde e pulcritude nos traballos realizados.



- Fomentar o traballo en equipo.
- Asistencia e puntualidade
- Respecto a igualdade e non discriminación de sexos
- Educación medioambiental. Farase fincapé na importancia de aforro de papel e de cumprir coas normas de reciclaxe.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As previstas polo departamento e as propostas por outros departamentos vencelladas á educación en valores.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015184	Escolas Proval	Nigrán	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0443	Tratamento da documentación contable	2023/2024	4	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA LORENZO PARENTE
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O entorno productivo baséase en Pequenas en Medianas empresas (PEMES) do sector servizos fundamentalmente, empresas nas que en todas se realizan tarefas de carácter administrativo, polo que o currículo adecúase ás necesidades e características de ditas empresas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de rexistro contable:-

- Preparación e rexistro de documentos soporte.
- Rexistro de feitos contables habituais.
- Uso de aplicacións informáticas específicas.
- Aplicación da normativa contable.
- Operacións de apertura e pechamento contable.
- Comprobación e verificación da contabilidade.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse nas tarefas de apoio da área contable de pequenas e medianas empresas de calquera sector de actividade.

Utilizaránse aplicacións informáticas de xestión administrativa (ContaSol) e de uso habitual na elaboración de informes e cálculos así como o uso de Internet na búsqueda de información.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					MP0443_00			
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4
1	Os documentos da contabilidade. Preparación e obrigacións legais.	Presentación dos documentos que sirven de xustificantes das operacións empresariales e que van ser o soporte da contabilidade. Repaso dos libros contables e de rexistros.	18	15	X			
2	As operacións de inicio da empresa: PXC Pemes.	Rexistro contable das primeiras operacións de creación dunha empresa e codificación da contabilidade	10	10	X	X	X	
3	Rexistro e tratamento contable dos feitos económicos habituais.	Rexistro contable das operacións de compra, venta (funcionamento do almacén), gastos e ingresos de explotación.	20	15	X	X	X	X
4	Acredores e deudores por operacións comerciais	Tratamento contable das operacións relacionadas con provedores, clientes, acredores, debedores e persoal.	18	15	X	X	X	X
5	Operacións de inmovilizado	Rexistro contable das adquisicións, amortizacións, deterioros e enaxenación do inmovilizado.	15	10	X	X	X	X
6	Operacións derivadas das fontes de financiamento	Tratamento contable das operacións derivadas da financiación propia e allea	15	10	X	X	X	X
7	Operacións de fin de exercicio. Contas anuais	Comprobación dos rexistros contable e operacións para pechar o exercicio contable e elaboración das contas anuais.	18	15	X	X	X	X
8	Aplicacións informáticas	Contabilización en soporte informático do ciclo contable completo, baseándose na documentación xerada no mesmo	12	10	X	X	X	X
Total:			126					

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Os documentos da contabilidade. Preparación e obrigacións legais.	18

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara a documentación soporte dos feitos contables e interpreta a información que contén.	SI



4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os tipos de documentos soporte que son obxecto de rexistro contable e clasificalos segundo os criterios previamente establecidos	1	Os documentos soporte: clasificación	6,0
2.1 Comprobar que os documentos soporte recibidos conteñan todos os rexistros de control interno establecidos (sinatura, autorizacións, etc.) para o seu rexistro contable.	2	Comprobación de documentos	6,0
2.2 Efectuar propostas para o arranxo de erros			
3.1 Arquivar a documentación soporte dos asentamentos seguindo procedementos establecidos.	3	Organización e arquivo de documentos	6,0
3.2 Efectuar o procedemento de acordo cos principios de seguridade e confidencialidade da información.			
3.3 Manter un espazo de traballo co grao apropiado de orde e limpeza			
TOTAL			18

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os tipos de documentos soporte que son obxecto de rexistro contable.	• PE.1 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	20
CA1.2 Comprobase que a documentación soporte recibida conteña todos os rexistros de control interno establecidos (sinatura, autorizacións, etc.) para o seu rexistro contable.	• PE.2 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	20
CA1.3 Efectuáronse propostas para o arranxo de erros.	• PE.3 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	5
CA1.4 Clasifícase a documentación soporte conforme criterios previamente establecidos.	• PE.4 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	30
CA1.5 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de seguridade e confidencialidade da información.	• PE.5 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	10
CA1.6 Arquivouse a documentación soporte dos asentamentos seguindo procedementos establecidos.	• PE.6 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	5
CA1.7 Mantívese un espazo de traballo co grao apropiado de orde e limpeza.	• PE.7 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	10

TOTAL
100
4.1.e) Contidos

Contidos
Documentación mercantil, laboral, fiscal e contable. Interpretación contable dos documentos xustificantes da información contable. Documentos xustificantes mercantís tipo. Requisitos da lexislación mercantil na documentación contable. Organización e arquivo dos documentos mercantís para os fins da contabilidade.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Os documentos soporte: clasificación - Repasar os documentos mercantís e fiscais xa estudados no curso anterior.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación, repaso, dos distintos tipos de documentos mercantís, laborais, fiscais e contables obrigatorios . 	<ul style="list-style-type: none"> Lectura do libro de texto no apartado de documentos soporte Analizará un suposto práctico para clasificar documentos, facilitado polo profesor. Posta en común dos supostos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos en soporte papel e dixital 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, apuntes (aula virtual), PXC Pemes, encerado, proxector e software contable 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.4 	6,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Comprobación de documentos - Repasar os elementos básicos dos documentos	<ul style="list-style-type: none"> Proposta de distintos documentos para que o alumnado comprobe que cumpren os requisitos legais obrigatorios. Proposta de rexistrar nos libros contables os documentos antes analizados. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprobación dos documentos e proposta de arranxo de erros. Realizar a contabilidade dos documentos e correxila no encerado para a súa posta en común 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos en soporte papel e dixital 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, apuntes (aula virtual), PXC Pemes, encerado, proxector e software contable 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 PE.3 	6,0
Organización e arquivo de documentos - Organizar documentos para contabilizalos	<ul style="list-style-type: none"> Sondaxe ao alumnado para comprobar os coñecementos previos sobre organización e arquivo. Proposta de exercicios prácticos de organización e arquivo de documentos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver os exercicios practicos propostos Posta en común dos supostos resoltos a vista do resolto por un alumno/a no encerado. Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos en soporte papel e dixital 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, apuntes (aula virtual), PXC Pemes, encerado, proxector e software contable 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 PE.6 PE.7 	6,0
TOTAL						18,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	As operacións de inicio da empresa: PXC Pemes.	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara a documentación soporte dos feitos contables e interpreta a información que contén.	NO
RA2 - Rexistra contablemente feitos económicos habituais, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas.	NO
RA3 - Contabiliza operacións económicas habituais correspondentes a un exercicio económico completo, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan de contabilidade.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Sentar as bases para realizar os exercicios prácticos de forma informatizada	1	Aplicación informática contable: Contasol	5,0
2.1 Identificar as contas do PXC para o rexistro das operacións habituais da empresa	2	Operacións habituais dunha empresa	5,0
TOTAL			10

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.2 Comprobase que a documentación soporte recibida conteña todos os rexistros de control interno establecidos (sinatura, autorizacións, etc.) para o seu rexistro contable.	• PE.1 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	5
CA1.4 Clasifícase a documentación soporte conforme criterios previamente establecidos.	• PE.2 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	5
CA1.6 Arquivouse a documentación soporte dos asentamentos seguindo procedementos establecidos.	• PE.3 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	5
CA2.1 Identifícanse as contas que interveñen nas operacións máis habituais das empresas.		S	0
CA2.1.1 Identifícanse as contas que interveñen nas operacións iniciais da empresa	• PE.4 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	20
CA2.2 Codifícanse as contas conforme o PXC.	• PE.5 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	15
CA2.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC.	• PE.6 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	20
CA2.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables máis habituais.	• PE.7 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	20
CA3.1 Identifícanse os feitos económicos que orixinan unha anotación contable.	• PE.8	S	10
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Interpretación contable dos documentos xustificantes da información contable. Organización e arquivo dos documentos mercantís para os fins da contabilidade. Asentamento de apertura. Rexistro contable de operacións diarias. Balance de comprobación de sumas e saldos.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Aplicación informática contable: Contasol - Instalación e posta en marcha da aplicación informática.	<ul style="list-style-type: none"> Repaso de exercicios contables con conceptos do curso pasado e introducción ao programa. 	<ul style="list-style-type: none"> En grupos de 2 crearán a empresa do exemplo para aprender o funcionamento do programa seguindo as instrucións. Informatizarán un novo exercicio contable, xa resolto manualmente, de forma autónoma 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos en soporte papel e dixital 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, apuntes (aula virtual), PXC Pemes, encerado, proxector e software contable 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 PE.6 PE.7 PE.8 	5,0
Operacións habituais dunha empresa - Contabilizar as operacións de inicio de actividade dunha empresa e codificación contable	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das operacións necesarias para a creación dunha empresa e proposta de exemplos para contabilizar. Os exemplos serán sempre presentados cos documentos base. Propoñer a creación dunha empresa propia para cada grupo de 2 alumnos/as sobre a que iran ó longo do curso incorporando os coñecementos aprendidos. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar os exemplos practicos de gastos de constitución, adquisición de inmovilizado e contratación dos servizos e suministros básicos. Crear a empresa de simulación proposta e contabilizar as operacións de inicio partindo dos documentos que as acreditan, de forma manual. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos en soporte papel e dixital 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, apuntes (aula virtual), PXC Pemes, encerado, proxector e software contable 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.2 PE.3 PE.4 PE.5 	5,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> • PE.6 • PE.7 • PE.8 	
TOTAL						10,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Rexistro e tratamento contable dos feitos económicos habituais.	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara a documentación soporte dos feitos contables e interpreta a información que contén.	NO
RA2 - Rexistra contablemente feitos económicos habituais, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas.	NO
RA3 - Contabiliza operacións económicas habituais correspondentes a un exercicio económico completo, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan de contabilidade.	NO
RA4 - Comproba as contas relacionando cada rexistro contable cos datos dos documentos soporte.	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Recoñecer as contas relacionadas coas existencias 1.2 Realizar as operacións de compra	1	As compras de existencias	8,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.3 Coñecer os criterios de valoración de rexistro contable da compraventa			
1.4 Contabilizar e liquidar o IVE			
2.1 Recoñecer as contas relacionadas coas existencias	2	As ventas de existencias	8,0
2.2 Realizar as operacións de venta			
2.3 Coñecer os criterios de valoración de rexistro contable da compraventa			
2.4 Contabilizar e liquidar o IVE			
3.1 Diferenciar os tipos de gastos e ingresos de xestión	3	Gastos e ingresos de explotación	4,0
3.2 Distinguir os conceptos de gasto e pago e ingreso e cobro			
3.3 Utilizar as contas relativas as os ingresos e gastos do PXC Pemes			
TOTAL			20

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.2 Comprobase que a documentación soporte recibida conteña todos os rexistros de control interno establecidos (sinatura, autorizacións, etc.) para o seu rexistro contable.	• PE.1 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	5
CA1.4 Clasifícase a documentación soporte conforme criterios previamente establecidos.	• PE.2 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	5
CA1.6 Arquivouse a documentación soporte dos asentamentos seguindo procedementos establecidos.	• PE.3 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	5
CA2.1 Identifícanse as contas que interveñen nas operacións máis habituais das empresas.			0
CA2.1.2 Identifícanse as contas que interveñen nas operacións de compras e existencias.	• PE.4 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	10

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1.3 Identifícaronse as contas que interveñen nas vendas de existencias	• PE.5 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	10
CA2.1.4 Identifícaronse as contas que interveñen nas operacións de explotación e persoal	• PE.6 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	10
CA2.2 Codifícaronse as contas conforme o PXC.	• PE.7 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	5
CA2.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC.	• PE.8 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	10
CA2.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables máis habituais.	• PE.9 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	10
CA2.6 Contabilizáronse as operacións relativas á liquidación do IVE.	• PE.10 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	10
CA3.1 Identifícaronse os feitos económicos que orixinan unha anotación contable.	• PE.11 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	10
CA4.3 Circularizáronse os saldos de clientes e provedores de acordo coas normas internas recibidas.	• PE.12 - Exame teórico práctico de resolución dun suposto contable	S	10
		TOTAL	100

4.3.e) Contidos

Contidos
Interpretación contable dos documentos xustificantes da información contable. Organización e arquivo dos documentos mercantís para os fins da contabilidade. Existencias. Operacións relacionadas con compras e vendas. Operacións relacionadas con compras Operacións relacionadas con vendas Gastos e ingresos. Contabilización e liquidación do IVE. Rexistro contable informático dos feitos económicos habituais.

Contidos
Rexistro contable de operacións diarias. Balance de comprobación de sumas e saldos.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
As compras de existencias - Analizarase o tratamento contable das operacións de compras de existencias	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos métodos de valoración de existencias: FIFO e PMP • Explicación das normas de valoración e rexistro contable das compras 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de casos prácticos de contabilización de compras e o funcionamento de descontos, edvolucións... • Realización de exercicios de control de existencias • Contabilización en soporte informático en base a documentos simulados 	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicios resoltos en soporte papel e dixital 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto, apuntes (aula virtual), PXC Pemes, encerado, proxector e software contable 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.7 • PE.8 • PE.9 • PE.10 • PE.11 • PE.12 	8,0
As ventas de existencias - Analizarase o tratamento contable das operacións de ventas de existencias	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos métodos de valoración de existencias: FIFO e PMP • Explicación das normas de valoración e rexistro 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de casos prácticos de contabilización de ventas e o funcionamento de descontos, devolucións... 	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicios resoltos en soporte papel e dixital 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto, apuntes (aula virtual), PXC Pemes, encerado, proxector e software contable 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 • PE.2 	8,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	contable das vendas	<ul style="list-style-type: none"> Contabilización en soporte informático en base a documentos simulados 			<ul style="list-style-type: none"> PE.3 PE.5 PE.7 PE.8 PE.9 PE.10 PE.11 PE.12 	
Gastos e ingresos de explotación	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das normas de valoración e rexistro contable dos gastos e ingresos máis habituais de explotación 	<ul style="list-style-type: none"> Realización de casos prácticos de contabilización de gastos e ingresos de explotación Contabilización en soporte informático en base a documentos simulados 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos en soporte papel e dixital 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, apuntes (aula virtual), PXC Pemes, encerado, proxector e software contable 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.2 PE.3 PE.6 PE.7 PE.8 PE.9 PE.10 PE.11 	4,0

TOTAL	20,0
--------------	-------------

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Acredores e deudores por operacións comerciais	18

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara a documentación soporte dos feitos contables e interpreta a información que contén.	NO
RA2 - Rexistra contablemente feitos económicos habituais, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas.	NO
RA3 - Contabiliza operacións económicas habituais correspondentes a un exercicio económico completo, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan de contabilidade.	NO
RA4 - Comproba as contas relacionando cada rexistro contable cos datos dos documentos soporte.	NO

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar as contas de acredores e deudores por operacións comerciais	1	Tráfico habitual das mercaderías e outros servizos de xestión	5,0
1.2 Aplicar contablemente as contas de acredores e deudores por operacións comerciais	2		
2.1 Comprender as operacións que se poden realizar cos efectos comerciais	2	Tratamento contable dos efectos comerciais a cobrar	5,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
3.1 Comprender a periodificación contable	3	Axustes por periodificación	4,0
4.1 Comprender a periodificación contable	4	Correccións valorativas	4,0
TOTAL			18

